

O INCRÍBEL HOME MINGUANTE

[Jack Arnold, 1957]

265

PROXECCIÓNS EN NUMAX: 26 de xullo, 1 e 10 de agosto
V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

The Incredible Shrinking Man (1957, 81')

Dirección: Jack Arnold

Guión: Richard Matheson (Novela: Richard Matheson)

Elenco: Grant Williams, Randy Stuart, April Kent, Paul Langton, Raymond Bailey, William Schallert, Billy Curtis

Son: Leslie I. Carey, Robert Pritchard

Montaxe: Leslie I. Carey, Robert Pritchard

Fotografía: Ellis W. Carter

Música: Joseph Gershenson

Produtoras: Universal Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Premios Hugo 1958 (Mellor presentación dramática), Seleccionada polo National Film Preservation Board en 2009

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Bala sin nombre, 1959

Un golpe de gracia, 1959

Muerte al atardecer, 1956

Tarántula, 1955

El regreso del monstruo, 1954

La mujer y el monstruo, 1954

Vinieron del Espacio (Llegó del más allá), 1953

Scott Carey navega coa súa muller nunha lancha motora e, mentras ela vai buscar unha cervexa, vese envolto nunha estraña nube. Meses despois, empeza a notar estraños cambios no seu corpo: pouco a pouco vai perdendo peso e altura até facerse case invisíbel. A partir de entón, a súa vida será un pesadelo, unha loita constante pola supervivencia, na que o cotiá (un gato, unha araña) representa para el unha ameaza mortal que só o seu enxeño pode conxurar.

«Unha obra mestra impresindíbel. Intensa e orixinal reflexión sobre o sentido da existencia»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



“Un pesadelo na América kafkiana”

Por Gene Seymour

Todo comezou co sombreiro de Aldo Ray. Porén, Ray non participa en 1957 d’*O increíble home minguante*, mesmo cando foi protagonista dunha chea de filmes similares neste tempo. Tal e como o novelista Richard Matheson ten sinalado, durante a rodaxe dun filme romántico insignificante de 1953 titulado *Amor a medianoche* (Alexander Hall), «o actor Ray Milland deixou ás presas o apartamento de Jane Wyman e colleu sen darse conta o chapeu de Aldo Ray, que lle quedaba grande de máis. Daquela pensei, que sucedería se a un home lle sucedese iso mesmo coa certeza de que era o seu sombreiro». Matheson, escritor de ciencia ficción, viu esta comedia parva nunha sala de Redondo Beach e, a partir dese chapeu de tamaño inaxeitado escribiu o conto máis sombrío sobre un home de clase media chamado Scott Carey que, logo de se expoñer á influenza dunha nube radiactiva, comeza a ver como o seu corpo vai a menos.

Matheson (1926-2013) comezaba a convertese na altura nunha voz importante dentro da comunidade de autores de ciencia ficción da Costa Oeste logo da Segunda Guerra Mundial, escritores que, en palabras de Peter Straub, tiñan perfeccionado un subxénero

limpo e artesanal que podería chamarse gótico californiano, con historias coidadosamente construídas a xeito de haikus no que non se admitía unha soa palabra gratuíta. A finais de 1954, Matheson precisou de dúas semanas e media para escribir *El increíble hombre minguante*, unha novela na que as escenas flúen coma no cinema. A medida que encolle, Scott recibe o asedio de toda caste de temores e humillacións, nun relato influenciado pola Guerra Fría e o pesadelo kafkiano.

Pouco despois da súa publicación a Universal mercou os dereitos do libro para sorpresa de Matheson que «non esperaba gran cousa do proxecto» pola dificultade de levar o libro a escena. Porén, *O increíble home minguante* fica como un dos filmes máis enxeñosos, perturbadores e memorábeis da ciencia ficción dos cincuenta. Cun deseño moi elaborado e auteridade narrativa, o filme, ao igual cós máis grandes do seu xénero (xa sexa *Vampyr*, *la bruja vampiro* [Carl-Theodor Dreyer, 1932] ou *La noche de los muertos vivientes* [George A. Romero, 1968]) séntese como un improbábel soño que rezuma verdade e semella máis real ca moitos melodramas crus e realistas.

A medida que avanza o pesadelo cinematográfico, o ton vai suavizando, debido en parte ao guión de Matheson, que se serve do seu propio estilo seco e limpo. E o filme ten a fortuna de contar cun director como Jack Arnold, cuxo traballo, modesto e artesán, contén aproximacións á ciencia ficción realizadas desde a limpeza e o acougo narrativo. Desde *Vinieron del Espacio* (*Llegó del más allá*) (1953), até *Monstruo*

en la noche (1958), pasando por *La mujer y el monstruo* (1954) e *Tarántula* (1955), Arnold tratou o xénero con respecto, coidada atmosfera, pulso narrativo e fermosa fotografía en branco e negro.

E por que o filme perdura até os nosos días? Se cadra porque trata temas universais como a ameaza. O filme pasou á historia polo redimensionamento dos obxectos, cadeiras, escadas, agullas ou botes de pintura que nos convencen de que iso é exactamente o que nos sucedería a calquera de nós que tivese tal tamaño. O ataque final do gato reafirmamos no temor de que iso é o que realmente faría connosco unha mascota se tivese as dimensións axeitadas.

Mais hoxe co avance tecnolóxico, estes efectos deberan semellar torpes e obsoletos. Porén, seis décadas de innovación tecnolóxica non serviron para restar vixencia a un filme que, finalmente, expresa o vulnerábeis que somos, mesmo ante aqueles aspectos do mundo coñecido que consideramos garantidos. Matheson agardaba que a súa fantasía lle permitise explorar a relación dun matrimonio adulto. O resultado é unha serie de experimentos terroríficos na sexualidade masculina. Scott olla como fica impotente ante a súa devota muller, Louise, convertida nun xigante ante a casa de xoguete na que se ve obrigado a vivir. Logo tenta iniciar unha relación coa anana Clarice, mais el continúa a encolle e cheo de confusión e desesperación, decide marchar lonxe dela, para sempre.

Publicado en www.loa.org/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX